

# **A PEGADA DE CUBA NAS IRMANDADES DA FALA**

**Emilio Xosé Ínsua**  
IES A Basella. Vilanova de Arousa

DOI: [10.17075/iftpc.2021.013](https://doi.org/10.17075/iftpc.2021.013)



## 1. INTRODUCCIÓN

Dimensionando as respostas que as comunidades emigradas irlandesa e galega deron historicamente ás apelacións dos seus respectivos movementos de reivindicación nacional, Núñez Seixas (2016: 24) chegou á seguinte conclusión, que compartimos: «A resposta dos tecidos societarios irlandeses e galegos en América fronte ás apelacións á axuda emanadas dende Eire e Galiza foi moi diferente. Foi masiva e decisiva nun caso, máis modesta e circunscrita no outro».

Con todo, resultaría imposible comprender o proceso de desenvolvemento e maduración do movemento galeguista, particularmente no caso das Irmandades da Fala (= IdaF), sen termos en conta as propostas e iniciativas, unhas exitosas e outras non tanto, procedentes dun sector da colonia galega emigrada, nomeadamente en Cuba, aínda que non só. Que os resultados poidan avaliarse hoxe, xa con certa perspectiva, como relativamente magros non empece consideralos parte imprescindible do acervo do movemento e mesmo ver nalgúns deles alavancas para posteriores experiencias e progresións. As remesas materiais e inmateriais da Galiza de alén mar desempeñaron, xaora, un papel relevante no período de preguerra para o galeguismo, imposible de explicar cabalmente sen elas.

A emigración resultou ser un ámbito privilexiado, en moitos casos, para a forxa de líderes e referentes da colectividade, a toma de conciencia social ou nacional (incluída a reflexión sobre o propio fenómeno migratorio, fose para deostalo como un mal ou para louvalo como un «maná»)<sup>1</sup>, o exercicio da

---

<sup>1</sup> Nun artigo para *El Despertar Gallego*, Antón Villar Ponte sintetizaba así os pros e os contras do fenómeno migratorio: «La emigración es excelente; la emigración es pésima. A la emigración debe Galicia todo lo que tiene. A la emigración debe Galicia no tener más. Por ella nos vinieron escuelas, fuentes, lavaderos, asilos, hospitales. Por ella no tenemos caminos, industrias, hombres. Cuando la bendecimos tenemos razón.

matinación crítica sobre o devir comunal e a adquisición de experiencia organizativa e publicística (Núñez Seixas 1998). Foi, asemade, lugar en que se teceron círculos de socialización e ideoloxización que repercutiron, máis tarde ou máis cedo, na Galiza territorial, en parámetros tanto individuais como colectivos. Na outra banda do Atlántico xestáronse, igualmente, pezas fundamentais do tecido simbólico nacional galego. Varios segmentos da colonia constituíron, en fin, unha nada desprezable fonte de financiamento para iniciativas de diversa índole levadas a cabo no país de orixe e significaron un público de relativo peso na acollida da produción cultural, xornalística e libresca coetánea.

Coidamos que as dimensións cualitativas destes fenómenos, por acaso decisivas, importan tanto como as cuantitativas e iso xustifica de seu que sigamos prestándolles atención, neste caso procurando dar conta da pegada que Cuba deixou no devir xeral das IdaF.

## 2. O REXIONALISMO GALEGO FINISECULAR EN CUBA: UNHA PRESENZA REDUCIDA MAIS INELUDIBLE

Non resulta estraño que a propaganda das IdaF atopase desde o primeiro momento algún eco entre certos sectores da moi nutrida colonia galega en Cuba (Núñez Seixas 1992a e 1992b), pois tal fenómeno de influxo organizador e ideolóxico xa se producira antes a respecto do movemento rexionalista.

---

También la tenemos cuando la maldecimos. La emigración hizo prósperas las ciudades marítimas gallegas. La emigración las empobreció a ellas y a las otras del interior. Merced a ella viven miles de empleados en casas navieras, miles de dueños y servidores de fondas y hoteles, miles de cargadores, miles de *gentes de muelle* se enriquece[n] en la ciudad. Por culpa de ella languidece el agro y la ciudad pierde de ganar más. Ella nos trae escuelas. Ella nos lleva instructores. Nos da hospitales, pero también nos da enfermos. En cambio nos quita parásitos y nos devuelve energéticos. Nos sorbe pesadumbres raciales y nos inyecta inquietudes novísimas [...]. La emigración nos trae el dinero, pero nos lleva los hombres y muchas veces nos los mata» (Villar Ponte 1928b).

Neste sentido, debe lembrarse que foi na Habana onde se financiou a edición das *Follas novas* rosalianas, en 1880; onde se editou o folleto de Murguía *El regionalismo gallego* (1889); onde se xestou a Academia Galega (1906), coa Asociación Iniciadora y Protectora (= AIP) de Curros Enríquez, Fontenla Leal e Chané como catalizador (Alonso Montero 1987); onde se editou prensa intencionalmente galeguista como *El Eco de Galicia* (1878-1901), de Álvarez Ínsua; *A Gaita Gallega* (1885), de Lugrís Freire e Armada Teixeira; *La Tierra Gallega* (1894-1896), de Curros etc. (Neira Vilas 1985); onde se comezou a cantar como «himno» o poema de Pondal musicado por Veiga, concretamente o 20 de decembro de 1907 (Ferreiro 2007), e o lugar, en fin, en que ondeou por vez primeira a bandeira franxiceleste como símbolo inequívoco da galegitude...

Así e todo, o nivel de implantación do rexionalismo entre a colonia galega de Cuba non foi masivo e tivo dentro do devir societario unha influencia limitada, a miúdo máis eficaz na esfera xornalística e no plano simbólico que no político e pragmático. A intensa asimilación idiomática castelanizante experimentada polos máis, a masiva interiorización de ferreños estigmas operantes nas sociedades de acollida e a actitude indolente, cando non hostil, cara ás demandas galeguistas de boa parte dos directivos do tecido societario galego na illa son tres claros síntomas da febleza do proceso de «rearmamento» pretendido polo rexionalismo, o cal non quere dicir que os seus esforzos non rendesen froitos certos.

Convén subliñar que na maior parte das directivas das sociedades de instrución, mutuas de beneficencia, entidades de referencia local, centros galegos etc. os elementos rexionalistas eran máis ben a excepción. O conformismo cos piares da Restauración borbónica (monarquía, *turnismo*, *caciquismo*...) foi moeda corrente e algúns credos críticos co *statu quo* (republicanismo, obreirismo e, sobre todo, agrarismo) captaban polo xeral maior número de adeptos entre a masa emigrada que o especificamente «galeguista». A revolta independentista cubana, primeiro, e a guerra hispano-norteamericana e o «desastre do 98», despois, desbarataron a tímida aproximación de sectores máis ou menos amplos da colonia ás propagandas rexionalistas e reforzaron, de feito, algúns dos «tics»

ideolóxicos máis unitaristas e reaccionarios no seu seo, resumidos no lema canovista de «hasta la última peseta y hasta la última gota de sangre» e concretados de maneira trágica nas tácticas de guerra e represión xeneralizada contra a poboación civil do xeneral Valeriano Weyler...

O mociño Castelao enrabexado cun inglés e debuxando barcos que acabaron constituíndo a «maior frota submarina do mundo» pode servirnos de tenro exemplo do clima anímico que se instalou entón entre numerosísimos galegos emigrados... Un dos máis conspicuos rexionalistas en Cuba antes do 98, o estradense Álvarez Ínsua, promoveu como secretario dun denominado Comité Patriótico Central unha colecta para sufragar a adquisición dun barco de guerra<sup>2</sup> e o xornal *La Tierra Gallega*, de Curros, inicialmente conciliador e proautonomista, acabou aliñándose sen medias tintas cos que querían derrotar a causa dos *mambises*<sup>3</sup>.

Ao mesmo tempo, a tutela colonialista que os EE. UU. de Norteamérica exerceron a partir de entón e durante décadas sobre a antiga posesión hispana serviu para amortecer os afáns de emancipación nacional que podían albergar algúns sectores da colonia galega. O caso cubano poñía de manifesto que baixo o paraugas dun tecido estatal aparentemente «soberano» podían seguir agochándose vellas desigualdades e novos caciquismos igual de sangrantes ou máis que os que existían antes do levantamento armado de Martí, Máximo Gómez e Maceo contra España.

---

<sup>2</sup> Cf. *Diario de Pontevedra*, 30.11.1897.

<sup>3</sup> Isto non foi óbice para que houbo un número non pequeno de galegos de condición humilde facendo parte das fileiras da insurxencia: Francisco Villamil, Pablo Ínsua, Félix de los Ríos, Caetano Vázquez etc. (Neira Vilas 1998).

### 3. A «PREHISTORIA EMIGRANTE» CUBANA DALGÚNS SIGNIFICADOS LÍDERES *IRMANDIÑOS*

Non por acaso, algúns impulsores das propias IdaF estiveran emigrados en Cuba con anterioridade á posta en marcha da entidade fundacional do nacionalismo galego e poden ser incluídos na categoría de «retornados innovadores» (*vide* Núñez Seixas 1998: 26), con clara vocación reformista no seu regreso á Terra. Non hai dúbida de que a estadía en terras cubanas modificou profundamente o seu pensamento previo e condicionou de xeito decisivo o seu posterior activismo cívico, político e publicístico.

O caso de Lugrís Freire (1863-1940) serve para testemuñar a militancia activa nos ideais galeguistas xa durante o transterro, entre 1883 e 1896: fundación do xornal monolingüe, anticaciquil e prorrexionalista *A Gaita Gallega* (1885); edición do poemario *Soidades* (1894), con limiar de Curros; participación nos labores directivos do Centro Galego; organización de actos de boicot a pezas de teatro cubano nas que se denigraba Galiza e os galegos etc. (Campos Villar 2000; Barreiro e Axeitos 2006).

Ricardo Carballal, autor das prosas *O tesouro acobillado* e *De min pra vós*, tamén abrazou na emigración a ideoloxía rexionalista e, antes de se sumar á IdaF herculina e á redacción do decenario *A Nosa Terra* [= *ANT*], botou a andar na Habana en 1910 a revista *Suevia*. Non por casualidade apareceron nela algúns dos primeiros poemas galegos de Cabanillas e colaboracións dun novísimo Blanco Torres.

O mozo de fervores republicanos Antón Villar Ponte (1881-1936) experimentou nos seus anos cubanos dinámicas complexas, mesmo contraditorias, con exemplos de vinculación ao rexionalismo (participación na AIP, galeguización do repertorio do cadro de declamación Rosalía Castro, fundación da revista *Alma Gallega* en 1910) e ao agrarismo (actos de protesta pola matanza de Oseira), mais tamén cunha extemporánea intervención na polémica sobre a presenza da bandeira galega na cabeceira de *Vida Gallega* e cun acedo enfrontamento con

Adelardo Novo na redacción do *Diario Español*. Esa bagaxe deixou nel un pouso que se decantaría durante a súa estadía no Portugal republicano de 1912 e que conduciría á fundación das IdaF en 1916 (Ínsua 2016; Ínsua e Martínez 2018).

Blanco Torres (1891-1936), que emigrou a Cuba en 1906, con tan só quince anos, abrazou con idéntico fervor a vocación xornalística e un credo agrarista, anticaciquil, republicano e galeguista que xa non abandonaríaa ata o seu tráxico martirio nunha cuneta de Bande a mans de sanguinarios falanxistas (Blanco Valdés 1998; Domínguez Alberte 1999; Seixo Pastor 2002). Pouco despois de desembarcar colaborou de xeito asiduo con revistas como *Follas Novas*, *Galicia*, *Suevia* etc., participou nos labores da AIP e chegou a promover, antes do regreso á Terra en 1916, a revista *La Alborada* (1911), na cal cuñaría o seu coñecido pseudónimo de *Fray Roblanto*, e os cinco números do semanario *La Tierra Gallega* (1915), que resumía o seu programa nunha única mais expresiva frase: «Contra los farsantes».

Pola súa banda, Ramón Cabanillas (1876-1959) chegou a Cuba en 1910, fuxindo das represalias caciquís que no seu Cambados natal lle valeran certos textos satíricos no xornal *El Umia* (Rei 2009; Fernández Rei 2015). Vinculado axiña ao círculo de Fontenla e *Chané* (Neira Vilas 1989), abraza con fervor as propagandas anticaciquís de Rodal e Basilio Álvarez e decanta de maneira definitiva a súa vocación literaria, enchendo de poemas varias das revistas da colonia emigrada (Dobarro 2001) e publicando os seus primeiros libros: *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915).

Por último, Xosé Lesta Meis (1887-1930) emigrou a Cuba desde o seu Eirís natal como labrego analfabeto, formouse de xeito autodidacta, colaborou coas revistas *La Alborada* e *Suevia* e traballou duramente nun *ingenio* azucreiro (experiencia que reflectiu na novela *Estebo*, de 1927). Con claras coloracións agrarias e rexionalistas no período cubano, o seu pensamento virou paulatinamente cara ao nacionalismo *irmandiño*: se ben en 1917 escribía aínda a sección «Crónicas cubanas» no xornal monárquico e católico *El Ideal Gallego* e colaboraba co Instituto de Estudios Gallegos que presidía, en clara contraposición ás IdaF, Casás



Fernández, pouco despois ingresou na entidade promovida polos Villar Ponte. Erixiuse desde entón nun asiduo comentarista de cuestións relacionadas coa Galiza emigrada e coa cultura galega nos xornais, tanto da Habana (*Eco de Galicia* [= *EdeG*] e *Heraldo de Galicia* [= *HdeG*], nos que sostera as seccións «De mi Tierra» e «Cartas de un prángana»), como da propia Galiza (*A Nosa Terra*, *La Zarpa*, *Galicia* e *El Pueblo Gallego*).

Ese pasado emigrante dalgúns *irmandiños* determinou que a diáspora, coa súa pléiade de problemas e perspectivas, estivese sempre presente nas preocupacións e no discurso reivindicativo da nova entidade. O voceiro *ANT* comezou a súa andaina en novembro de 1916 subtitulándose precisamente *Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal*. Núñez Seixas (1992a: 71), facendo pé no testemuño de Benito Ferreiro, apuntou a hipótese de que o número de asinantes na emigración do xornal *irmandiño* fose «relativamente elevado en relación cos da propia Galicia».

A mesma prensa da colonia galega emigrada, con orientacións editoriais moi diversas e graos de identificación co movemento galeguista non homoxéneos, contou decote con colaboracións autorizadas de moitos dos publicistas vencellados ás IdaF. Dado que unha das súas funcións era precisamente propiciar o debate arredor de toda caste de cuestións que afectasen ao colectivo emigrante e á súa metrópole (Zubillaga 1996: 43), non pode admirar que a voz do galeguismo *irmandiño* fose unha das escoitadas con atención, mesmo que fose para discrepar dela.

Ora ben, en sentido contrario importantes loitadores do rexionalismo na emigración cubana (Álvarez Ínsua, Armada Teixeira, Constantino Horta, Mercedes Vieito etc.) non foron finalmente quen de asumir o salto decisivo da definición nacionalitaria de Galiza proclamada polas IdaF no manifesto de Lugo (1918) e mesmo nalgúns casos pasaron a combater as novas orientacións. Así, Álvarez Ínsua publicaría en 1923 no xornal estradense *El Emigrado* o artigo «Nuestro ideal», no que arremetía contra os nacionalistas alcumándoo de «simples imitadores de unos cuantos ofuscados catalanes» e acusándoo de querer

afastar «a los gallegos de la sana política que deben seguir para ver realizadas las legítimas aspiraciones de Galicia: la política sinceramente regionalista sin máculas de independencia».

#### 4. A COLLIDA EN CUBA DO FOLLETO *NACIONALISMO GALLEGO. NUESTRA AFIRMACIÓN REGIONAL*

No propio acto fundacional das IdaF, realizado o 18 de maio de 1916, a nova entidade contou coa adhesión significativa da AIP habaneira. Ademais, acudiron algunhas figuras que fixeran as súas primeiras cuartillas xornalísticas en Cuba, como é o caso de Ricardo Carballedo e o de Juan Fernández Merino, noutrora redactor de *La Tierra Gallega* e colaborador tamén de *El Eco de Galicia*, *Follas Novas* e *Suevia*.

O folleto de Antón Villar Ponte que serviu de estímulo para a xeira constitutiva *irmandiña* aparece dedicado, entre outros, a Constantino Horta, creador en Cuba do partido Emancipación Gallega. Tal partido, segundo Mercedes Vieito Bouza (1916b), non fora iniciado en realidade por Horta, senón por Domingo J. Freijomil. A pesar de que Villar Ponte o supuxese «ya perfectamente consolidado y cumpliendo una hermosa misión», o certo é que nin sequera chegara a callar «no porque faltasen adhesiones y muy entusiastas, sino por dificultades, obstáculos, disgustos, triquiñuelas y pequeñeces que siempre surgen para impedir el desarrollo de toda obra grande» (Vieito Bouza 1916b). En calquera caso, o citado Freijomil salientaría que «si en otras ocasiones no hemos estado conformes de un todo con el Sr. Villar Ponte, en esta de afianzar la personalidad gallega por medio del idioma hasta conseguir una amplia autonomía para nuestro pueblo despreciado, no discrepamos ni un punto» (Freijomil 1916).

En Cuba, a revista fundada por Martínez Quelle *Labor Gallega*, por boca do seu secretario José Lamas, adheriuse «c'a yalma a iste novo esforzo pol'a nosa personalidá rexonal», persuadida de que, «mentras non nos decatemos de que o

empleo da lingua propia, debe facerse c'un convencemento de relixiosidad, todol'ó demais haberá de ser inútil»<sup>4</sup>. A xa citada Mercedes Vieito (1916a) tivo na revista *Galicia* palabras de alento para a propaganda do viveirense, feita, segundo ela, «con gran conocimiento y dominio» e mesmo formulada «con la firmeza y la claridad de un gran vidente». Constantino Añel, en fin, formularía un rogo na asemblea de apoderados do Centro Galego habaneiro, con data de 26 de xuño de 1916, para que se realizase con carácter anual unha reunión extraordinaria en que fose exclusivo o uso do idioma propio e se abordasen as relacións do Centro «con todas las entidades gallegas que persigan fines patrióticos, radiquen éstas donde radiquen»<sup>5</sup>. O rogo foi admitido e aprobado o 11 de xullo, «entre vivas y aplausos a Galicia», mais non foi moi efectivo o seu cumprimento.

Na traxectoria inicial das IdaF houbo unha cita anual que as vinculaba emotivamente ao universo simbólico-afectivo-referencial dos emigrantes en Cuba: a conmemoración do cabodano de Curros. En marzo de 1918 e 1919, organizaron actos de homenaxe conxunta ao celanovés, a Pondal e a *Chané*, con discursos que o propio Villar Ponte se encargou de plasmar en recensións ou de recoller en *ANT*<sup>6</sup>.

## 5. A ACADEMIA DE MURGUÍA E AS IDAF: APROXIMACIÓNS E DESENCONTROS CON REPERCUSIÓNS EN CUBA

A sintonía inicial que existiu, malia que precaria, entre os Amigos da Fala e o núcleo reitor da Academia ponse de manifesto no feito de que a corporación cedese o seu local para a realización da xuntanza fundacional e na concorrencia a

---

<sup>4</sup> Cf. *Labor Gallega*, A Habana, núm. 4, 20.6.1916.

<sup>5</sup> Cf. *Acción Gallega*, A Habana, ano I, núm. 18, 18.7.1916.

<sup>6</sup> Cf. *ANT*, A Coruña, núm. 49, 20.3.1918, e mais *ANT*, A Coruña, núm. 84, 25.3.1919.

ela de Lugrís Freire, Carré Aldao, Francisco Tettamancy e Florencio Vaamonde. A carta que Murguía e Carré dirixen o 20 de maio de 1916 ao entón presidente da AIP en Cuba, Ramón García Mon, non fai albergar dúbidas sobre a acollida favorable que daban á nova entidade, se ben deixa translucir tamén o limitado alcance que lle conferían: «O apoio e adhesión que vostedes prometen á Liga de Amigos do Idioma, creemos igualmente muy oportuna. Como a base d'ela é o estudio e divulgazón do galego, parécenos que a súa primeira labor debía ser a de fomentar a suscripção a noso Dicionario» (Neira Vilas 2000: 102-103).

Ora ben, a correspondencia cruzada entre a citada AIP e a Academia permite abesullar a tensa relación que seguiu entre esta e as IdaF após esa harmonía inicial. Manuel Conde, secretario da AIP, comentaba nunha carta do 20 de setembro de 1916 á directiva da Academia (Neira Vilas 2000: 205-206): «Nos veríamos con moito gusto un acercamento entre esas duas entidades hirmás, pero [...] non somos nós, sinon Uds. os chamados a resolver esta cuestión».

Aínda que os directivos da Academia, na súa resposta do 20 de outubro de 1916, fixeron manifestacións de auxilio «a unha sociedade tan simpática» como as IdaF (Neiras Vilas 2000: 112-115), as desavinzas entre ambas as entidades non deixaron de se agrandar. Foi decisivo, neste sentido, o feito de que Murguía procurase apoios, a xeito de «escudos protectores», entre determinados segmentos da sociedade coruñesa, outorgando o título de numerarios a individuos que gozaban entón de certo prestixio como eruditos, pero estaban ben lonxe de compartir o espírito e os fins primixenios, inequivocamente galeguizadores, da entidade: Ozores de Prado, Romero Blanco, Ponte Blanco, Estrada Catoira, Pérez Barreiro, Fernández Diéguez... O españolismo e o conservadorismo ideolóxico deses novos académicos hipotecaron gravemente o labor da Corporación, desvirtuaron a súa función galeguizadora e contribuíron, ademais, para ancorala nunha práctica e nun discurso aínda máis diglósicos que os que xa imperaban desde a súa propia fundación. Reducido a *sermo* de uso só poético, o noso idioma estivo ausente na vida interna, nas actas, no *Boletín*, na correspondencia, nos

diplomas, na vida pública e privada de case todos os numerarios... Transcorreu máis dunha década entre o primeiro discurso de ingreso pronunciado en galego, o de Montenegro Saavedra en 1909, e o segundo, o do *irmandiño* Cabanillas en 1920... Este estado de cousas explica que Antón Villar Ponte dirixise contra algúns académicos diatribas como a contida na súa conferencia *Dos nosos valores* (1920):

Os galegos que mais galegos parecen –académicos, eruditos, arqueólogos– adícanse ô estudo das cousas vellas da nosa Terra, com'as d'un país finado, morto, cuia persoalidade s'olagouse no castelanismo estéril. Si fan un diccionario danlle xeito de panteón da nosa língoa. Si fan un boletín convírtenno en eco morto de cousas pretéritas. Somente miran prâ atrás, c'unha friaxe tan tolledora, que calquera diciría que se trocaron, com'a muller de Lhot, en estátuas de sal [...].

Non debe pasar desapercibido que o propio Murguía permanecese distante a respecto de todo o esforzo da nova organización, sen colaborar nunca no seu voceiro *ANT*, sen presidir ningún dos seus actos nin intervir en persoa neles e sen secundar, sequera simbolicamente, as súas moitas campañas.

Por iso mesmo, unha parte da colonia emigrada en Cuba, que viñera apoiando a Murguía en todas as súas iniciativas rexionalistas, viuse obrigada a revisar por un instante esa fidelidade diante da emerxencia do colectivo *irmandiño*. En non poucos casos (Mercedes Vieito, Xosé B. Cerdeira, Armada Teixeira, Horta etc.) o dilema resolveuse a favor do Patriarca, rendéndolle entusiasta homenaxe en cada aniversario nas páxinas das revistas que eles alentaban ou continuando co envío de remesas económicas para paliaren as súas estreiteces. Semellante dinámica colocou os sectores máis pronacionalistas nunha posición moi feble, o que explica en parte a súa rápida consunción, que culminará a mediados dos anos 20, cando se produza en ambas as bandas do océano a desfeita da ING liderada por Risco.

## 6. OS EFECTOS NA DIÁSPORA CUBANA DO DESENCONTRO *IRMANDIÑO* CO AGRARISMO BASILISTA

Na colonia emigrada en Cuba o credo agrarista viñera xuntando numerosos adeptos entre 1908 e 1913, esporeado pola mobilización provocada pola matanza de Oseira, as propagandas antiforais de Rodal, as visitas á illa do propio Basilio, os artigos de Blanco Torres, os versos de Cabanillas e o labor de revistas como *Suevia*, *A Terriña*, *Acción Gallega* e *Airiños da Miña Terra*, entre outros factores.

Resultou, porén, pouco compacto o apoio do agrarismo á idea de fundar unha Liga de Amigos da Fala. No sector redencionista, que procedía da Solidaridad Gallega, suscitou inicialmente adhesións importantes, como a de Luguís Freire e Rodrigo Sanz; no abolicionista, mentres algúns se achegaron con entusiasmo desde a primeira hora (Castelao, Cabanillas, Blanco Torres, Lustres Rivas, Montero Mejuto...), outros como Basilio Álvarez, López-Aydillo, Fernández Mato etc. declinaron o convite en medio de insuperables suspicacias ou con manifesta hostilidade (Ínsua 2016).

Que non callase a partir de 1916 unha converxencia franca entre os segmentos agrarista e nacionalista acabou lastrando o desenvolvemento por separado de ambos. Sen o aporte doutrinario que as IdaF achegaban, o agrarismo ficou enguedellado na loita entre sectores e suxeito a sucesivos intentos de hexemonización por axentes políticos moi diversos (reformistas, socialistas...), mais, na recíproca, sen a ampla base que o agrarismo significaba, o nacente nacionalismo ficou incomunicado con boa parte dos seus potenciais adherentes dentro dos sectores populares. Alén diso, deixou de contar con algúns apoios entre xornalistas destacados da diáspora galega en Cuba de simpatías agraristas, como Martínez Quelle, Jesús Peynó, Abdón Rodríguez Santos etc.

## 7. O TRATAMENTO DA EMIGRACIÓN NAS SUCEVAS ASEMBLEAS NACIONALISTAS

Unha das pegadas máis evidentes do fenómeno migratorio nas IdaF plásmase, no plano doutrinario, na constante atención prestada ao problema nas sucesivas asembleas que o movemento realizou.

Na de Lugo (1918), marcáronse entre os principais obxectivos a solución dos problemas colectivos e permanentes que impiden o progreso de Galiza (art. IV), entre os que ocupaba lugar senlleiro o migratorio; o estudo das súas cuestións sociais, económicas e xurídicas (art. V) e, finalmente, a organización dos labregos e o labor político para o progreso do pobo (art. VI). Nas conclusións dese primeiro encontro apostouse, non por acaso, pola clarificación das sociedades de instrución creadas en América, «pra orientar-as armónicamente n-un senso mais galeguista».

Entre as conclusións da 2ª Asemblea Nazionalista, realizada en Compostela en 1919, podemos mencionar a redención dos foros para a xeneralización da propiedade plena da terra por parte do campesiñado (conclusión 22ª); a eliminación das barreiras alfandegueiras entre España e Portugal (conclusión 29ª); a protección dos galegos emigrados, especialmente das mulleres (conclusións 23ª, 24ª e 25ª), e a decisión de celebrar a festa do emigrante galego o Día do Apóstolo (conclusión 26ª): velaquí a conversión do 25 de xullo en data de explícita reivindicación nacionalista.

Na 3ª (Vigo, 1921) e 4ª (Monforte, 1922) Asembleas Nazionalistas, os problemas de índole organizativa e as disensións internas consumiron a maior parte das enerxías dos *irmandiños* e acabaron levándoos á ruptura. Villar Ponte enviaría a *La Correspondencia*, de Cienfuegos, en vésperas da citada terceira xuntanza, un artigo no que adiantaba o programa de debates e facía fincapé na importancia do nacionalismo galaico para calquera proxecto iberista que quixese levarse á práctica (Villar Ponte 1921a). Do mesmo xeito, ao pouco de realizada

a transcendental Asemblea monfortina, o propio Antón resumiría no *Diario de la Marina* o desenlace desa polémica xuntanza, evitando magnificar, iso si, a gravidade do que alí acababa de acontecer (Villar Ponte 1922a):

Tratóse de la organización definitiva del nacionalismo gallego. La mayoría de los asambleístas pronunciáronse a favor de la abstención de toda política que no sea la propia, sin mezclar con ningún partido histórico del centro. Sólo serán vistos con simpatía los partidos que planteen en su programa la lucha de clases [*sic*]. Acordóse también que el partido a lo sucesivo se denomine Irmandade Nacionalista, ya que lo de partido no expresa la significación del movimiento emancipador.

Por último, na 5ª Asemblea, realizada só polo sector da ING na Coruña en marzo de 1923, foilles encargada a Castelao, a Paz-Andrade e aos militantes da delegación viveirense César Parapar Sueiras e Ramón Villar Ponte a elaboración dun plan para intensificar as relacións coas colonias emigradas de América e Portugal. Ata onde sabemos, ese plano non chegou a tomar corpo. Tamén debemos salientar que entre os trece puntos do programa político aprobado nese encontro, a carón doutros como a demanda de autonomía, a cooficialidade idiomática, a igualdade de dereitos para a muller etc., figurou «impedir canto se poida a emigración». Con todo, autorizadas voces publicísticas non deixaron de sinalar a incoherencia de aprobar todas esas resolucións apostando ao mesmo tempo polo «apoliticismo» e polo «retraemento» electoral (Lesta Meis 1923a).

## 8. O DEVIR DOS NÚCLEOS *IRMANDIÑOS* ORGANIZADOS EN CUBA

Como tiñan feito anteriormente a Solidaridad Gallega e Acción Gallega, as IdaF procuraron expresamente apoio político, organizativo, financeiro e moral entre os núcleos organizados da emigración, sobre todo daqueles que xa «respiraban» en chave agrario-rexionalista antes da fundación da nova entidade.



Para tal fin imprimíronse o manifesto *As Irmandades da Fala aos galegos residentes n-as Américas*, Porteiro Garea elaborou no mesmo 1918 o opúsculo *A los gallegos emigrados* e foron debatidas en varias das sucesivas Asembleas Nazionalistas, como acabamos de ver, conclusións atinxentes ao fenómeno migratorio e aos dereitos dos emigrantes. Nesta liña, o *irmandiño* Blanco Torres, nunha «Carta aberta» a Manuel Cortiñas que se publicou no *EdeG* habaneiro en marzo de 1919, tentaba resumir as razóns polas que a colonia emigrada debía secundar a acción das nacentes IdaF:

[...] la política gallega, hasta ahora infecunda y nefasta, [...] ha de tomar rumbos nuevos porque las juventudes nacionalistas, las generaciones nuevas que han puesto sus más caros amores en Galicia irredenta, están en pie y ya hicieron retemblar con sus voces impulsivas y sus entusiasmos fragorosos el podrido tinglado de la vieja Galicia donde, respaldados por un Estado semiderruido y decadente, los hatos caciquiles y politicastros campaban a su antojo, disponiendo de las haciendas y oprimiendo las almas. (Blanco Torres 1919b)

Non se pode dicir, porén, que a resposta do conxunto da colectividade emigrada e, sobre todo, das súas institucións a este tipo de requirimentos das IdaF resultase positiva, como xa foi indicado. Máis ben semella que a adhesión ao nacionalismo na emigración foi cousa dunha fracción minoritaria, aínda que protagonista dun activismo constante e pouco menos que heroico. A mala sintonía co agrarismo basilista, por unha banda; a ruptura co rexionalismo liderado por Murguía, por outra, e a falta total de receptividade por parte das elites reitoras dos centros galegos (os Antonio Villamil, Varela Grande, Rodríguez Vázquez etc.), das directivas das sociedades de instrución e das microsociedades parroquiais e locais (Vidal Rodríguez 2008) son factores que contribuíron claramente para iso.

Abonda con ler a peza teatral de Villar Ponte *Almas mortas*, editada pola Cél-tiga de Ferrol en 1922, para constatar os copiosos reproches que a ING, por

boca do viveirense, tiña que lles facer entón ás sociedades de instrución, aos centros galegos e aos *indianos*. Ideas moi semellantes expresará Blanco Torres nunha parte da súa prolífica articulística, sempre atenta a fustrigar a falta de compromiso galeguizador e a tendencia esencialmente caciquil e pancista que, ao seu ver, amosaban a maioría dos dirixentes societarios da Galiza emigrada, reos de ignorancia e cretinismo, ademais. Mesmo nos versos do seu *Orballo da media noite* (1929), en poemas como «O novo emigrante (Manoeliño na Habana)», deixou o de Cuntis probas da súa antipatía por certos «tipos» xurdidos entre a colonia.

Os dous enclaves americanos onde aparecen núcleos de adherentes ás IdaF, na primeira hora, foron A Habana e Bos Aires. Centrándonos no caso cubano, Xulio Sigüenza promoveu en 1917 a constitución dun agrupamento *irmandiño* na Habana, mais este tivo vida efémera. Non prosperou tampouco o chamamento dos xornais propiedade de Manuel Fernández Doallo, *HdeG* e *EdeG*, para establecer en 1918 no país caribeño un «Comité Pro-Autonomía Regional Gallega». Pouco despois, os apoderados do Centro Galego discutiron en 1919, por proposta de Luís López Cora e Narciso Rocha, que a entidade se adherise ás IdaF, sen chegaren a un acordo, e un intento do estradense Maximino Matalobos de crear na primavera dese mesmo ano un «Partido Autonomista Gallego» na illa non foi adiante.

Desta maneira, houbo que agardar á aparición da Xuntanza Nazionalista Galega d'Habana, en abril de 1920, de Fuco G. Gómez, Xosé Arias Porteiro, Camilo Díaz Seoane, Aurelio Selas, Andrés R. Orjales, Vicente Rebollar, Baltasar Edreira, Sinesio Fraga e Tomás Rodríguez Sabio, para ver un núcleo galeguista consolidado e actuante, capaz de atraer á súa órbita a revista *Galicia* de Mercedes Vieito (Costa Alcalde 1997; Cabido 2000; Marco 2007) e mesmo de editar entre 1921 e 1922 os seus propios voceiros, *Nós* e *Terra Gallega*, ambos estritamente monolingües (Neira Vilas 1985: 71 e 81-82; Vilavedra 1997: 335 e 460). Esa Xuntanza pasará a denominarse en novembro de 1922 «Delegación da I.N.G. na Habana» e contará entre os seus militantes a Manuel

Blanco Pascual, Vázquez Ferro, Aurelio Selas, J. M<sup>a</sup> Calveiro, Xulio Sigüenza, Xosé B. Cerdeira, Paz Lamas e Luís Puente.

En liña cos sectores máis radicalizados do nacionalismo na metrópole, representados pola Mocidade Céltiga de Madrid (Fermín Penzol, Ignacio Rodríguez...), o becerrense Fuco Gómez (1895-1972) promoverá na Habana un Comité Revolucionario Arredista Galego (Bao Abelleira 1997; Pérez Leira 1999: 119-124; Martínez González 2007), que faría público o manifesto *Independenza ou Morte* e que acusaría moi claramente a pegada do catalanismo insurreccional liderado por Francesc Macià. Antón Villar Ponte daría réplica en *La Zarpa* (Villar Ponte 1922b) ás críticas vertidas no editorial «Galicia y Cuba»<sup>7</sup> polo xornal madrileño *El Sol*, daquela dirixido por Manuel Aznar, contra ese manifesto *arredista*.

Ao longo de 1923, unha serie de enfrontamentos políticos e persoais do citado Fuco Gómez con Manuel F. Doallo e Vicente Rebollar provocaría unha debilitación organizativa evidente no agrupamento, que iría esmorecendo ata a consunción definitiva por volta de 1927 (Núñez Seixas 1992a: 118; Beramendi e Núñez Seixas 1995: 165). Cando o propio Fuco edita a súa *Grafía galega*, non queda propiamente xa organización nacionalista na illa... Lesta Meis e Villar Ponte, coa súa articulística en cabeceiras habaneiras como *EdeG* e *HdeG*, manterían, non obstante, informada a comunidade galega na illa sobre a loita do nacionalismo e doutros sectores democráticos contra o réxime primorriverista.

En suma, o nacionalismo galego en Cuba, se ben precoz, tivo unha implantación menos intensa e articulada que na Arxentina nos anos 20 e 30, careceu de figuras referenciais da categoría e predicamento dun Alonso Ríos, un Suárez Picallo ou un Blanco Amor e, ademais, non conseguiu forxar entidades de tanta forza vertebradora e representativa como a Federación de Sociedades Gallegas bonaerense. Como sintetiza Núñez Seixas (1992a: 118-119),

---

<sup>7</sup> Cf. *El Sol*, Madrid, 4.10.1922.

despois de 1927, soamente ficará do galeguismo en Cuba a incansábel e cáseque senlleira actividade de Fuco Gómez, defendendo as súas ideas arredistas e intervindo activamente como apoderado nas asembleas do ‘Centro Gallego’ de La Habana [...].

A finais da década dos 20, de tódolos xeitos, podemos soste que a chama do galeguismo orgaizado e militante na illa de Cuba está xa estinguída.

## 9. A PRENSA DE INSPIRACIÓN OU INFLUENCIA *IRMANDIÑA* EN CUBA

A prensa galega emigrada, nas súas variadas modalidades e tendencias, cumpría unha ampla gama de funcións pragmáticas, simbólicas e aglutinadoras, sinaladas pertinentemente por Zubillaga Barrera (1996: 43). Abeirado ao nacente movemento das IdaF na Galiza ou xurdido do propio agrupamento *irmandiño* na Habana, rexistramos un segmento desa prensa da diáspora galega en Cuba identificado co nacionalismo: a revista *Galicia*, os semanarios *HdeG* e *EdeG*, a revista *Nós* e a revista *Terra Gallega*.

A «revista rexional ilustrada» *Galicia*, fundada o 25 de xullo de 1902, aglutinou durante varios anos un sector decididamente rexionalista e protonacionalista da colonia, no que sobrancean as figuras de Horta, Mercedes Vieito, Freijomil, López Veiga e Xosé B. Cerdeira. Por iso alentou a fundación da Academia Galega, saudou a aparición da Solidaridad Gallega, reivindicou maiores cotas de autogoberno<sup>8</sup>, atacou os detractores da bandeira galega, secundou determinadas campañas a prol das infraestruturas ferroviarias que demandaba o país, aplaudiu por boca de Mercedes Vieito (1914a, 1914b e 1915) o contido das crónicas de Villar Ponte para o *Diario de la Marina* e, chegado o momento, fíxose eco do

---

<sup>8</sup> Constantino Horta, por exemplo, defenderá que, «sin desintegrar la unidad política del Estado, se establezcan dos Poderes independentes que son: Poder Central y Poder Regional» (Horta 1910 e 1911).

labor de Ribalta en *Estudios Gallegos* e da propaganda das nacentes IdaF. Ben é certo que tamén non ocultou algún que outro malestar por certos parágrafos xeneralizadores de Villar Ponte sobre a presunta falta de apoio da colonia emigrada á nova entidade galeguista (Freijomil 1916 e 1917).

En 1920, baixo a dirección de Xosé B. Cerdeira, daquela conselleiro primeiro da Xuntanza Nazonalista, *Galicia* publicou, con motivo da celebración do Día da Patria, un número repleto de colaboracións dos máis destacados dirixentes, intelectuais e escritores do nacionalismo galego. Do mesmo xeito, acolleu en novembro de 1920 varios artigos de Fuco G. Gómez, co título común de «O caso d'Irlanda», nos que o de Becerreá proclamaba: «Galiza necesita enxendrar héroes com'os fillos d'Irlanda, cuas opinións sustentadas pol-os mesmos se solidifiquen n'unha soya verba: ¡A revoluzón!». En 1923, igualmente, *Galicia* publicou «A festa nazonal», do mesmo autor citado, no que se sostiña a idea de que no 25 de xullo «non debera haber un soio galego que non jurara diant'a sua concenzia loitar pol-a liberdade da Galiza». Con posterioridade, porén, a revista non asumiu a deriva *irmandiña* cara aos postulados maximalistas da ING de Risco e descolgouse de calquera explícito apoio ao nacionalismo.

Por outra banda, o galego Manuel Fernández Doallo, coa súa Empresa de Publicidad Galiciana, foi o fundador, propietario e por un tempo tamén director de dúas cabeceiras de prensa na Habana, que dirixiron sucesivamente Luís E. Rey, Manuel Gondell Linares e Mercedes Vieito, en tanto Otero Pérez e Antonio do Campo, este último a partir de 1922, desempeñaron o papel de xefes de redacción (Neira Vilas 1985: 48-50). Tratouse de *Eco de Galicia* e *Heraldo de Galicia*.

A «revista ilustrada y de información general» *EdeG* comezou a publicarse en xuño de 1917 (Lojo Abeijón 2004). A partir da posta en marcha en 1919 do *HdeG*, «periódico consagrado a los intereses del pueblo galiciano y paladín de la colonia gallega en Cuba», ambas as publicacións editáranse en combinación, de maneira alternativa e con periodicidade decenal: o *Heraldo* saía os días 1 e 20 de cada mes, mentres que *El Eco* o facía os días 10 e 30. O xefe de

redacción do *Heraldo* foi o galego Adolfo V. Calveiro (1902-1977), fundador anos máis tarde da revista mensual ilustrada *Cultura Gallega* (1936-1940).

Na ampla nómina dos seus colaboradores figuraron practicamente todos os grandes publicistas *irmandiños*. A inicial ausencia de Antón Villar Ponte podería explicarse polas pésimas relacións existentes entre Fernández Doallo e a familia Rivero, propietaria do *Diario de la Marina*, do que o de Viveiro era correspondente desde 1910.

*EdeG* e *HdeG* amosaron inicialmente unha actitude de certa simpatía pola propaganda das IdaF, informando da súa constitución e dando conta das súas actividades. Recolleron así a adhesión ás IdaF da directiva do Centro Galego de Santa Fe (Arxentina) e a de Constantino Horta (Horta 1917); glosaron o xantar enxebre ofrecido polas IdaF a Fontenla Leal en 1917, durante a visita do tipógrafo ferrolán<sup>9</sup>; reproduciron artigos dalgúns *irmandiños* da primeira hora como García Hermida, xornalista vilalbés (García Hermida 1918); saudaron a visita a Galiza dunha delegación da Lliga catalanista<sup>10</sup> e comentaron a súa alianza con ela (Vieito Bouza 1917); enviaron palabras de alento para a organización tras o seu fracaso nas lexislativas de febreiro de 1918 (Vieito Bouza 1918a); fixéronse eco con pesar da morte de Porteiro Garea<sup>11</sup> e, finalmente, por boca de Vieito Bouza (1918b), comentaron as conclusións da Asemblea de Lugo. A partir de entón, porén, as súas iniciais simpatías foron modificándose.

Mantiveron ambos os xornais, primeiro, unha actitude de pretendida neutralidade ante o crecente enfrontamento entre nacionalistas e rexionalistas galegos e chegaron a pedir nalgún momento que cesase «el lamentable espectáculo que vienen dando los corifeos de estas dos modalidades del sentimiento patriótico gallego»<sup>12</sup>. Posteriormente, afastáronse das IdaF, abrindo as súas páxinas para

---

<sup>9</sup> Cf. *EdeG*, A Habana, núm. 5, 10.7.1917.

<sup>10</sup> Cf. *EdeG*, A Habana, núm. 30, 27.1.1918.

<sup>11</sup> Cf. *EdeG*, A Habana, núm. 76, 22.12.1918.

<sup>12</sup> Cf. *EdeG*, A Habana, núm. 91, 6.4.1919.

que Jaime Solá as atacase como «producto artificial de unos cuantos teorizantes» e para que se burlase de «la ridícula aspiración, sustentada por ellos, en su no menos ridícula asamblea de Lugo, de que Galicia figure independiente de España como nación» (Solá 1920). Nas súas planas algún colaborador proclamou entón (Piquer 1918): «[...] no es con *Irmandades da fala*, ni escribiendo versitos jeremíacos, ni entonando responsos ante la tumba de los poetas y los artistas, después de que se les hizo huír a extrañas tierras y casi se les dejó morir de hambre, como se ha de labrar la grandeza y el porvenir de Galicia».

Da mesma maneira, a proposta «pangaleguista» (achegamento a Portugal) defendida por Villar Ponte nas páxinas de *ANT* sería rexeitada rotundamente no xornal *EdeG*<sup>13</sup>. Non é de estrañar que no voceiro das IdaF se dixese nesa altura a propósito das revistas da emigración: «Estes boletís dos nosos compatriotas das Américas, cáseque sempre provan a súa desorientación dolorosa respecto aos problemas da Terra»<sup>14</sup>.

Ben é certo que estas discrepancias non impediron que en 1922, concretamente no *HdeG*, Fernández Doallo permitise a inclusión dunha «Páxina nazonalista» da que se encargaban os membros da Xuntanza, nin que o *EdeG* reproducise un artigo de Lustres Rivas no que se afirmaba rotundamente que Galiza tiña que ser categorizada como «nación» e que o pobo galego tiña que abrazar o nacionalismo, xa que o rexionalismo resultara inservible e só se fixera notar «por el lacrimo, por el pordioseo, por la súplica y la jeremía, por los plañidos ante los representantes del Poder central» (Lustres Rivas 1922). Varios traballos publicados orixinariamente por Villar Ponte en *La Zarpa* serían reproducidos tamén na citada «Páxina» (Villar Ponte 1923a e 1923b).

A realización da Asemblea de Monforte, que consagrará a escisión entre a Irmandade herculina e a ING, dará ocasión a *EdeG* para expresar consideracións moi críticas sobre o carácter elitista de ambas as organizacións: «Se ha

<sup>13</sup> Cf. *EdeG*, A Habana, núm. 162, 19.2.1922.

<sup>14</sup> Cf. *ANT*, A Coruña, núm. 142, 15.6.1921.

formado como una entelequia intelectual y se conserva, allá arriba, sútilmente, escondida como flor de estufa en el rincón morboso de un intelectualismo puro, inaccesible a la divina y límpida alma de las multitudes»<sup>15</sup>. O nacionalismo estaba reducido, engadíase, «a un narcisismo literario, adornado con rancias y no muy claras alusiones históricas y con el esfuerzo de hacer del gallego una especie de *Volapuk* o de *Esperanto*».

Tamén a organización por parte do Centro Galego da Habana dunha excursión á Coruña e os comentarios ditirámicos que Villar Ponte dedicou á iniciativa no *Diario de la Marina* (xornal patrocinador dela) provocarían en 1923 unha reacción de manifesto desagrado no *EdeG*<sup>16</sup>.

Nas páxinas do *HdeG* Aurelio Ribalta publicaría o artigo «¡El odio a Castilla, no!», no que atacaba con dureza as orientacións do nacionalismo galego (Ribalta 1923), mais, en contraste, Lesta Meis (1922) faría gabanza da *Gramática* de Manuel Lugrís Freire e aplaudiría as actividades do sector *irmandiño* liderado por Peña Novo (Lesta Meis 1923b).

Non obstante, durante a ditadura de Primo de Rivera, estas dúas publicacións galaico-cubanas adoptaron, sobre todo por boca do seu correspondente na Coruña, Lesta Meis, unha clarísima posición de enfrontamento e crítica ás novas autoridades españolas<sup>17</sup>. A propia sinatura de Antón Villar Ponte fíxose a partir de 1926 asidua, mediante a reprodución de traballos previamente editados no olívico *El Pueblo Gallego*. Entre todos eles sinalaremos, por tratar un asunto relacionado con Cuba, o titulado «Una triste falta de reciprocidad», no que protestou pola fría acollida dispensada polos dirixentes do Centro Galego habaneiro ao diplomático e exdirector do diario coruñés *El Noroeste* José García Acuña.

---

<sup>15</sup> Cf. *EdeG*, A Habana, núm. 168, 21.5.1922.

<sup>16</sup> *EdeG*, A Habana, núm. 191, 20.5.1923.

<sup>17</sup> Véxanse, nese sentido, artigos de Lesta Meis como «¡A callar!» (16.12.1923, contra a censura), «¿Qué será?» (30.11.1924, contra a Unión Patriótica) e «Cartas de un prángana» (3.8.1924 e 7.9.1924, contra as notas de inserción obrigatoria e contra o estamento militar).



*HdeG* será un dos xornais galegos da emigración que denuncie o encarceramento do líder *irmandiño*<sup>18</sup> a comezos de 1927 por mor do contido dun artigo en *La Correspondencia* de Cienfuegos, e tamén un dos que cubra informativamente con entusiasmo a estrea en 1929 da versión operística de *O Mariscal*<sup>19</sup>. Ademais, en setembro de 1930 *HdeG* inserirá nas súas planas unha longa entrevista de Lesta Meis a Villar Ponte, «hecha expresamente para estas publicaciones» (Lesta Meis 1930).

Outra revista galaico-habaneira, a mensual *Nós*, de claros acentos ideolóxicos maximalistas que condensarían Camilo Díaz Seoane no artigo «Galiza e Irlanda» (marzo de 1921) e Tomás R. Sabio en «O noso arredismo» (abril de 1921), editou baixo a dirección do musicólogo ortegano Sinesio Fraga Vila un total de oito números, desde marzo ata novembro de 1921, mentres que a súa continuadora *Terra Gallega* poría na rúa cinco números, entre decembro de 1921 e abril de 1922. Tras a desaparición desta, publicaríase a partir de novembro de 1922 e ata mediados de 1923, como xa anotamos, unha «Páxina Nazionalista» periódica nos xornais combinados *EdeG* e *HdeG*.

A *Nós* galaico-cubana recolleu, seguramente por vez primeira na historia do galeguismo en América, acentos claramente *arredistas*, mentres que a súa continuadora apostou por unha liña algo máis «moderada», se ben mantendo sinais ideolóxicos inequívocos, como o carácter monolingüe, a presenza de colaboradores de significación claramente nacionalista (Risco, Taibo, Vitor Casas, Cabanillas...) e a citación na cabeceira dunha significativa frase do filósofo Fichte: «O signo da nazionalidade é o idioma».

As dúas publicacións situáronse, en calquera caso, no bando «apostólico» ou «risquiano» durante o conflito intestino das IdaF que desembocaría na ruptura en febreiro de 1922. Coa súa desaparición, o nacionalismo ficou sen voceiros de prensa propios en Cuba, a diferenza do que aconteceu na Arxentina, e iso

<sup>18</sup> Cf. *HdeG*, A Habana, 10.2.1927.

<sup>19</sup> Cf. *HdeG*, A Habana, núm. 9, ano XI, 30.6.1929, e núm. 10, ano XI, 10.7.1929.

repercutiu, como é lóxico, na súa eficacia divulgativa e proselitista. Así o deixaba consignado Lesta Meis nun artigo publicado na *Céltiga* bonaerense (Lesta Meis 1926): «Esta obra galega, en Galicia i-en España, é cada día máis conocida. Unicamente entre os nosos irmáns das Américas, con poucas esceipcións, non é debidamente apreciada e tida na grande estimación que todo galego debe ter. Por eso convén que en cada grande vila americana haxa unha publicación galeguista».

## 10. VISIÓN CRÍTICA *IRMANDIÑA* SOBRE O LABOR DAS SOCIEDADES DE INSTRUCCIÓN

A masa galega emigrada a América experimentou en carne propia as desvantaxes do analfabetismo. Relegada, en termos xerais, aos traballos máis duros, mal pagos e sen cualificación, vítima de mil e un enganos por non saber ler nin escribir, carente de hábitos cívicos xa comúns naquelas prósperas repúblicas, obxecto de menosprezo e burla en non poucos ambientes por tal motivo e pola súa deficiente pericia no uso do idioma castelán, non admira que do seu seo xermolasen ao raiar da nova centuria entidades dispostas a atallar o que consideraban en boa medida raíz última de todos eses males.

O abandono ou indolencia do Estado, das deputacións provinciais e dos propios concellos en materia educativa deixou en mans destas «sociedades de instrución» articuladas nos núcleos da emigración a tarefa de construír e dotar escolas nas parroquias das que procedían os seus asociados (Peña Saavedra 1991; Sixirei Paredes 1995; Núñez Seixas 1998; Magariños 2000; Malheiro Gutiérrez 2006).

Loxicamente, cada sociedade adoptou os principios e orientacións pedagóxicas que estimou máis oportunos. Hóboas que abrazaron as ideas krausistas ou «institucionistas» (Giner de los Ríos, Ares de Parga), procurando un ensino cordial e estimulador, que fomentase a curiosidade e autorresponsabilidade do alumno na propia formación e respectase o principio de neutralidade en materia

ideolóxica e relixiosa. Outras, en cambio, estiveron máis achegadas aos xeitos disciplinarios, memorísticos, competitivos e rutineiros do ensino tradicional, abertamente confesional ademais.

Tanto as IdaF, por medio do seu voceiro *ANT*, como algúns dos seus afiliados con actividade xornalística (Villar Ponte, Blanco Torres, Risco, Lesta Meis...) exerceron a crítica sobre as orientacións xerais do labor desas sociedades de instrución. Os nacionalistas non discrepaban, en absoluto, da idea de fundar escolas, promover a alfabetización e elevar o nivel cultural xeral do pobo, suplin-do así a incuria e marxinación do aparato estatal nese sentido, mais non concor-daban coa falta total de alento galeguizador dos plans de estudo nin co frecuen-te enfeudamento político dos directivos desas sociedades aos caciques territoriais que estivesen en exercicio.

Lesta Meis, reflexionando sobre a orientación promigratoria de moitas desas sociedades, sinalaba: «Unha cousa é que se emigre hoxe como unha necesidá do momento e outra é que se queira educar os nenos xa con ese sólo ouxeto, como se Galicia non tivera elementos de vida e riqueza que exprotar e os galegos non fóramos en ningún día capaces de beneficiar esas riquezas» (Lesta Meis 1929).

Entre os moitos casos que podemos citar que non desmenten esa percepción crítica *irmandiña* está o da sociedade «Vivero y su Comarca», que os irmáns Villar Ponte coñecían de primeira man. Fundada en 1910 en Cuba por iniciati-va do empresario Taladrid Catá<sup>20</sup>, desempeñou ata o fatídico 36 un rol moi destacado na trama cívica da case totalidade dos concellos da súa zona de

---

<sup>20</sup> Justo Taladrid Catá (Viveiro, 1864-A Coruña, 1938), emigrante a Cuba con 16 anos, era na altura un próspero comerciante de sedaría e estaba á fronte da empresa Taladrid Hermanos. Afecto ao deputado Soto Reguera, escribiu folletos como os intitulados *Progreso del distrito de Vivero en los años 1910 a 1930* (Viveiro, 1931) e *Verdades como puños y consideraciones. Mis servicios al distrito de Vivero* (A Coruña, 1935), nos que se defendeu das críticas á súa traxectoria pública na Ditadura (téñase presente que exerceu como depu-tado provincial en Lugo desde xaneiro de 1924) e dos ataques ao seu labor como prócer *indiano*, na súa calidade de presidente fundador e delegado plenipotenciario de «Vivero y su Comarca» na Península ao longo de moitos lustros. Afecto ao ultradereitista Calvo Sotelo nos anos da República, contribuíría copiosa-mente ás colectas promovidas polos sublevados franquistas durante os primeiros compases da Guerra Civil.

implantación (Viveiro, Riobarba, Oourol, Muras, Xove e Cervo). Por iniciativa súa erguéronse, arraxáronse e dotáronse máis de medio cento de edificios escolares na bisbarra. A entidade puxo en marcha, así mesmo, un voceiro de prensa propio, a revista *Vivero en Cuba*, e alentou en parte outras publicacións periódicas como *Pro-Galicia* e *Labor Gallega*. Ademais, subvencionou actividades e obras en beneficio comunitario de diversa índole, organizou festas e homenaxes (por exemplo, a Pastor Díaz no primeiro centenario do seu nacemento, en 1911), practicou a beneficencia (en 1923 creou un fondo específico para a atención dos socios necesitados e enfermos), desempeñou en determinados momentos o papel de oficina de emprego e despregou unha ampla rede de delegacións de apoio, tanto na Península como no continente americano.

Mais, en paralelo, como as IdaF denunciaron, «Vivero y su Comarca» tamén se implicou por activa e por pasiva, con xeitos caciquís e baixo a capa de altruísmo filantrópico, nos manexos da política, fose nos da colonia galega emigrada, co fin de incidir sobre a marcha e orientación do Centro Galego ou das diversas federacións de sociedades de instrución que existiron, fose tamén, na propia metrópole, apoiando de maneira aberta determinadas elites políticas locais e poñendo todo o seu prestixio e moita da súa actividade ao servizo dos intereses electoralistas de José Soto Reguera, liberal albista durante a Restauración e firme partidario da ditadura de Primo de Rivera a partir de setembro de 1923.

Antón Villar Ponte plasmou na súa peza teatral *Almas mortas* (1922) moitas das recriminacións que as sociedades de instrución como «Vivero y su Comarca» lle merecían. Fíxoo por medio dos debates entre os personaxes do médico D. Ramonciño e o *indiano* retornado Pepe, que debullaban os pros (escasos) e os contras (abondosos) da emigración para o país. Con frecuencia, as escolas de *indianos* derivaron en auténticos viveiros de novos emigrantes, en canteira de obedientes peóns no xogo caciquil e en poderosos axentes desgaleguizadores no plano idiomático. En palabras do personaxe D. Ramonciño,

son atraso coleitivo inda que parezan seren coltura individual; porque n'elas os escolantes, os mestres, fánlles depender de todo ôs alumnos, agás o amore â Terra i-âs cousas da Terra. Porque son coutos de desenxebrización, de despersoalización, negadoras da pedagogía máis sinxela que manda axeitar as forzas da intelixencia par'a adaptación ô médeo. Dependen mais xeografía e historia d'América que de Galicia os nenños que van ás escolas de vostedes; dependen mais de mecanografía que de cultivo de terras veciñas e de cousas do traballo do país. As escolas de vostedes son escolas fomentadoras e preparadoras da emigración.

Reproches semellantes foron expresados por moitos outros intelectuais galeguistas da época. Risco, por exemplo, en *El problema político de Galicia* (Madrid, 1930), mantiña: «En muchos casos las escuelas sostenidas por emigrantes son escuelas preparatorias para la emigración». Tamén Julio Sigüenza, na obra *Galicia Cara y Cruz* (Montevideo, 1930), vía así as cousas: «No hacen falta escuelas para mandar gente a la América [...]. Hacen falta escuelas que adviertan el engaño de América». Nunha liña semellante, Blanco Torres tentou rebaixar con doses de realismo os ditirambos que as sociedades de instrución espertaron en Luís Bello Trompeta cando este realizou para *El Sol* unha serie de crónicas sobre a súa viaxe polas escolas da terra de Viveiro (Blanco Torres 1929):

De las Sociedades gallegas creadas en América por los emigrados –sólo en la Habana hay unas sesenta– me parece que hay mucho que decir todavía [...].

Por eso yo le advertiría a Don Luis Bello que no se entusiasme demasiado en su peregrinaje por Vivero con la noticia de tantas Sociedades de aquel partido establecidas en la capital de Cuba. Todas nacen con el fin de fomentar la instrucción, de fundar escuelas en el concejo o parroquia de su origen. Pero muchas veces esto es el pretexto, y lo que se busca es figurar en una Directiva como Presidente o simplemente como vocal, firmar comunicaciones con ostentación del cargo y salir en los periódicos [...].

Pero las Sociedades que verdaderamente se ocupan de la instrucción en Galicia, y las que en proporción a su número hicieron algo prácticamente en este sentido, son muy pocas. Hay en esto mucho de bambolla indiana.

Antón Villar Ponte (1929) protestará contra o que consideraba excesiva indolencia dos *indianos* a respecto do progreso cultural, científico e colectivo do país, por faceren investimentos de dubidosa rendibilidade, máis virados ao benefactorismo que á xeración de novas fontes de riqueza:

Es ya larga la lista de ricos indianos y no indianos de nuestra tierra que legan la mayor parte de su capital a asociaciones de manos muertas, a asilos y hospitales, olvidándose de que esta última clase de establecimientos no serían tan precisos si lo destinado para ellos se emplease en la creación de serias fuentes de trabajo y riqueza. Lo que es frecuente en Europa y América, que los ricos testen a favor de instituciones de cultura física o espiritual —como son laboratorios, universidades, bibliotecas, sanatorios, policlínicas, etc.— en Galicia resulta extraordinario e insólito. Por un obispo Figueroa, por un marqués de Amboage o por un Gumersindo Busto o por unos señores Labaca que hayan pensado en hacer beneficiarios de su capital a multitud de coterráneos suyos de la clase humilde, hay cientos de ricos gallegos que legan su dinero, con la mejor de las intenciones, a obras de dudosa utilidad colectiva.

## 11. AVINZAS E DESAVINZAS COS DIRIXENTES DO CENTRO GALEGO DA HABANA

Para rematar, cómpre dicir que os directivos do Centro Galego da Habana, como entidade máis representativa da colonia, non tardaron en caer baixo a ollada crítica dalgúns publicistas *irmandiños*.

En maio de 1917, Lesta Meis, correspondente nesa altura de *El Ideal Gallego*, denunciaba o intento de expulsión do socio Adelardo Novo por parte da

directiva desa entidade e facía protestas contra a tendencia prototipicamente caciquil que aquela estaba adquirindo (Lesta Meis 1917):

En el Centro Gallego continúa el mar de fondo, con su cohorte de furiosos oleajes. En vez de arreglar en paz de hermanos nuestros asuntos, deponiendo nuestras pequeñas ambiciones y laborando unidos por el prestigio y el auge de la sociedad, nos dedicamos a difamarnos los unos a los otros y a dar espectáculos que redundan en nuestro propio desdoro.

En los principales puestos del Centro Gallego se han entronizado unos cuantos actores a los cuales nada tendrá que envidiarles ningún concejal rural de nuestra Galicia. ¡Y luego aún hablan del caciquismo gallego!

En febreiro de 1918, o de Eirís volvía á carga con novas denuncias sobre a incuria, degradación e corrupción que eses dirixentes da colonia emigrante manifestaban na súa actuación (Lesta Meis 1918):

Todo sigue igual. Los mangoneadores del Centro Gallego que «tienen» un soberbio palacio para exhibir su inicuidad y dejan morir en un hospital a un socio casi fundador del Centro por no poder pagar ¡qué entrañas! el último recibo. La Beneficencia Gallega, que tiene millones, no sé para qué, niega su auxilio a una infeliz mujer con dos hijos enfermos, que hubieran muerto aquí si el *Diario Español*, siempre tan español y tan hidalgo siempre, no abre una suscripción para mandarles a España...

De 26 o 28 libras de carne que pagaba el Centro para sus enfermos, sólo iban al puchero siete u ocho. El resto no se sabe que rumbo cogía. Y el administrador que mangoneaba cuando se probó esto sigue mangoneando.

No boletín *ANT*, Blanco Torres cantaba a figura de Curros salientando:

A persecución non o deixou máis alá do mar. Tamén alí, entre os fillos mesmos da súa terra, aos que arelaba redimir da ñorancia e dunha imbécil fatuidade sostida na razón de catro cartos arrapiñados de calquera maneira, tuvo que seguir a batalla [...]. Aquel grito inda perdura, como un látigo restalante, naquela atmósfera da colonia gallega onde aínda oxe satisfán as súas concupiscencias e aparentan seer persoas uns cantos granuxas e uns cantos desleigados, que fan almoneda, aldraxándoo, do nome de Galicia. (Blanco Torres 1919a)

O mesmo boletín acolleu en novembro de 1920 un traballo de Camilo Díaz Seoane no que se puña de manifesto o malestar coa desgaleguización idiomática e co carácter frivolizante da maioría das actividades que o Centro promovía<sup>21</sup>.

A comezos de 1925 Villar Ponte empregaba as páxinas do rotativo madrileño *El Sol* para expor varias ideas a fin de que o Centro Galego da Habana, entidade que cabía reputar como «la más fuerte del mundo en número y en capacidad económica entre las de naturaleza análoga a la suya», colaborase con maior afán no progreso xeral do país. As enormes disponibilidades pecuniarias do Centro, produto das cotas dos seus máis de sesenta mil asociados varóns e dos dividendos dos alugueres dos múltiples locais da súa propiedade, debían orientarse de maneira máis decidida ao investimento na propia Galiza. Non en balde, a institución manexaba un orzamento que superaba sobradamente o das máis grandes cidades galegas:

El Centro Gallego de La Habana se halla, pues, obligado a cambiar de rumbo en lo que concierne a sus relaciones con la tierra metropolitana si el amor que todos y cada uno de sus socios sienten por ésta ha de remitir en algo de veras fecundo. Y para que tan necesario cambio se opere, precísase, antes que nada, inyectar en la gran masa de asociación tan considerable intensas dosis de consciencia. Los gallegos de aquí, conocedores de los problemas regionales que reclaman las soluciones más urgentes, son los llamados a hacerlo. (Villar Ponte 1925)

---

<sup>21</sup> Cf. *ANT*, A Coruña, núm. 130-131, 5.11.1920.



Precisaba o fundador das IdaF as súas suxestións propondo que o superávit económico do Centro, unha vez atendidas satisfactoriamente as súas finalidades básicas, servise para financiar exposicións permanentes de produtos agrícolas, pecuarios e industriais do noso país en América; promover mostras de arte; fomentar publicacións e, en fin, apoiar todas aquelas obras de cultura «capaces de traernos una rápida y fecunda palingenesia». De adoptar estas orientacións, concluía, o Centro Galego habaneiro «sería lo que nosotros muchas veces hemos soñado: la verdadera capital de Galicia, nutrida por la savia inteligente de los mejores gallegos de la metrópoli y por la intensa *saudade* de todos los buenos gallegos exilados, hecha voluntad creante, tamizadora de localismos perniciosos y estériles y moldeadora de la fecunda unidad regionalista».

Os desexos expresados non se converteron en realidade. Dous anos despois de escrito tal artigo, o autor de *Almas mortas* recriminaralle de novo publicamente ao Centro Galego, daquela presidido polo impresor e accionista do *Diario de la Marina* Jesús M<sup>a</sup> Bouza, a súa negativa a financiar os traballos da Junta Provincial Antituberculosa da Coruña para a construción do sanatorio de Cesuras (Villar Ponte 1927a). Pola súa banda, Lesta Meis afearíalle á Comisión de Cultura do Centro que non quixese subscribirse ás publicacións de Lar, pretextando que resultaban, como se recollía na correspondente acta, «de un interés completamente negativo» (Lesta Meis 1925). A exclusión da muller no seo da entidade foi tamén denunciada por voces *irmandiñas* como unha discriminación inxustificable:

Hace ya muchos años que hemos propagado en Cuba –como luego aquí– la necesidad del establecimiento de Bolsas de Trabajo y de instituciones de protección a la mujer que emigra por parte de las sociedades regionales del Nuevo Continente. No concebimos nunca que organismos de tan grande vitalidad económica como el Centro Gallego de la Habana, verbigracia, nunca pensasen en esto, y, de pensar, que jamás se decidieran a darle una buena solución práctica. Porque es el hecho que, aun hoy, aquel Centro tan pujante no admite como socias a las mujeres. (Villar Ponte 1927b)

Insistindo na idea da incuria xeral por parte das entidades en teoría chamadas a exercer un rol decisivo na protección dos emigrantes e no fomento da riqueza na terra de orixe, Villar Ponte escribe:

Dichos Centros, sin duda son meritorios, plausibles, admirables, mas no hacen cuanto serían capaces de hacer mejor orientados, en beneficio de Galicia. Ni organizan exposiciones de nuestro arte ni sostienen exposiciones permanentes de nuestros productos y de nuestros monumentos y paisajes. No fundan bolsas del trabajo en el lugar de su radicación, no construyen sanatorios en la patria para sus enfermos, convalecientes o incurables. No invitan tampoco a personalidades prestigiosas de Galicia a dar conferencias en sus tribunas. Ni siquiera hacen lo que para ellos resultaría fácil y para todos tan conveniente: instituir premios anuales con destino a los escritores, artistas y hombres de ciencia de nuestra región que realizasen el mejor trabajo sobre algún tema de interés [...]. (Villar Ponte 1928a)

No instante en que o Centro Galego da capital cubana celebrou en 1930 o cincuenta aniversario da súa fundación, o viveirense criticou con amargura o programa de actos elaborado para a ocasión:

Y es que el Centro Gallego de la Habana piensa poco; cuando no piensa mal, en y de las cosas de Galicia, desde hace mucho tiempo. Las glorias le llevan las memorias. Y los que rigen institución tan pujante se preocupan más, salvo excepciones, de caciqueos y de fachendoserías que de colaborar... como debieran hacerlo, como están obligados a hacerlo, en la santa empresa regenerativa de la tierra natal. Miran demasiado hacia Cuba y excesivamente hacia Madrid también —ellos sabrán por qué— y muy poco para la metrópoli [...].

No nos parece lógico que un Centro como el que nuestros emigrados sostienen en la Habana viva de espaldas a Galicia en la forma en que aquel lo hace. Empleando todos sus esfuerzos en Cuba y dejando al terruño nativo completamente huérfano de su protección y apoyo. No estimula en modo alguno al arte, a la industria y al intelectua-

lismo gallego. No acaba de decidirse a intervir en las empresas de carácter sanitario que se inician en la metrópoli. (Villar Ponte 1930)

Blanco Torres, saudando a vertebración na Arxentina da Sociedade Nazonalista Pondal, reflexionaba así sobre a case sempre trabucada orientación, ao seu ver, das institucións da colonia galega emigrada:

Unha das cousas que constituíron a cotío a miña preocupación máis fonda foi a ourenación da laboura espritoal dos galegos emigrados en América. Neste senso poucas veces poden, como tantos outros menos esixentes ou máis doados a deixárense levar do tópico e do lugar común, eloxiar ás sociedades galegas por eles creadas naquelas terras generosas.

Nalgunha parte teñen eses paisanos, centenaes de centros, co nome da súa parroquia ou lugar ao fronte, sin outro oujeto que ter unha sociedade pra figurar cos seus nomes na junta directiva... ¡misiriqueira ambición que con ben pouco se contenta! En conxunto teñen por exemplo na Habana un edificio social enorme espléndido testemoño dunha grandeza material coa que non garda relación a indigencia espritoal da colonia, nin tampouco a situación e as necesidades de cada membro particular dos que integran a masa xeral que contribúen a eses alardes de pedre e luxo. (Blanco Torres 1930)

No verán de 1933, Antón Villar Ponte faríase eco no diario *La Voz de Galicia* da penosa situación que atravesaba nesa altura o Centro Galego habaneiro, debido, entre outros factores, á propia situación económica xeral de Cuba, logo do crac bolsista de Wall Street. A lamentable realidade dunha entidade que noutro ra fora próspera e rica non era senón a culminación dunha traxectoria que el propio tiña criticado moitas veces, como xa comprobamos. Así e todo, a experiencia dos centros galegos, coas súas virtudes innegables, debía servir nesa hora para rebater as voces que lle negaban a Galiza o dereito á autonomía aducindo que os galegos non estaban preparados para se autogobernaren. A ese razoamento replicaba Villar Ponte (SIL 1933a): «Si emigrados de escasa cultura en general que de la aldea emprendieron el éxodo a tierras extrañas han sabido acometer

empresas como las que recordamos ¿qué no harán en su propio país asistidos por elementos cultos? ¿Es que va a admitirse el absurdo, pleno de incongruencia, de que sirvamos para gobernar fuera de casa y dentro de casa, no?».

Cando se inaugure na Coruña en 1934 o monumento a Curros Enríquez esculpido por Francisco Asorei e diversas forzas vivas da cidade obsequien cun banquete o daquela presidente do Centro Galego da Habana, Antón Villar Ponte (que non asistiu ao ágape) fará públicos novamente algúns pensamentos de tendencia moi crítica coa entidade:

Yo no sé si habría brindis en dicho acto e ignoro, si los hubo, el contenido de los mismos. Pero advierto que de hallarme yo entre los comensales no dejaría de pronunciar algunas palabras que tal vez no agradasen a todos, aunque pienso que agradarían a Curros si Curros resucitase y ocupara un puesto en la mesa.

Porque sobre el Centro Gallego de la Habana, hoy reducido a la triste condición que le imponen las circunstancias del medio cubano, tiene que pesar un enorme remordimiento. Los que fueron sus timoneles en la época de las vacas gordas no supieron darse cuenta de lo que el porvenir habría de reservarles fatalmente, viniesen bien o mal dadas las cosas, a pesar de profetizarlo algunos de los que pasamos por Cuba sin propósito de *aplatanarnos* ni de enriquecernos, debido a lo cual siempre se nos miró con recelo por los conterráneos *aplatanados* y enriquecidos [...]. ¿Cuántas veces no se les ha dicho a sus dirigentes: vuestra sociedad está en la cumbre de su progresión ascendente; suma 60.000 socios que cotizan; no podrá aspirar ya a mucho más; pronto estará en la curva de la decadencia? ¿Por qué no aprovecháis esta era de pasmosa pujanza para, sin desatender ni vuestra casa de salud ni vuestro edificio social, dedicaros al fomento del progreso de Galicia? ¿Por qué no lleváis a la Tierra algo que será a la postre lo que se salve y lo que pueda resultar fecundo, puesto que la emigración ha de redimirse un día no lejano y el desenvolvimiento nacional de Cuba acabará pugnando con vuestros intereses colectivos? [...].

No nos han hecho caso; se han reído de nosotros y ahora es la realidad la que se ríe de ellos con trágica risa. Y, ¿quiénes teníamos razón? Los *aplatanados* y enriquecidos –muchos de los cuales hogaño se ven en el duro trance de pedir limosna– o los sin *aplatanar* y pobres... (Villar Ponte 1934)

En calquera caso, estas críticas non serían óbice para que o de Viveiro expresase a súa solidariedade cos dirixentes do Centro cando, a finais de 1933, a Federación de Médicos Cubanos conseguiu plasmar legalmente a obrigatoriedade de ingreso nela de todos os facultativos que exercesen en Cuba e a disolución de todas as casas de saúde e beneficencia promovidas pola colonia española na illa. Esta medida lexislativa foi cualificada polo líder galeguista como ingrata e inxusta, pois as «quintas de saúde» e as escolas das sociedades de emigrados fixeran un labor beneficioso para a poboación e aforráranlle ao propio Estado cubano moitos diñeiros en educación e sanidade (SIL 1933b).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (1987): «Un obreiro, Curros e a Academia», en VV. AA., *Curros Enríquez: crebar as liras*, A Nosa Cultura, extra núm. 9, Vigo, A Nosa Terra, 19-20.
- ÁLVAREZ ÍNSUA, Waldo (1923): «Nuestro ideal», *El Emigrado*, 93, 16 de xuño.
- BAO ABELLEIRA, Xosé Antón (1997): «Fuco Gómez. Biografía dun independentista», *A Nosa Terra*, 796, 18 de novembro.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón / Xosé Luís AXEITOS AGRELO (2006): *Manuel Lugrís Freire: o compromiso*, Biblioteca Gallega, A Coruña, La Voz de Galicia.
- BERAMENDI, Justo G. (2007): *De provincia a nación*, Vigo, Xerais.
- BERAMENDI, Justo G. / Xosé M. NÚÑEZ SEIXAS (1995): *O nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra.
- BLANCO TORRES, Roberto (1919a): «Curros Enríquez», *A Nosa Terra*, 83, 15 de marzo.
- BLANCO TORRES, Roberto (1919b): «Carta aberta», *Eco de Galicia*, marzo.
- BLANCO TORRES, Roberto (1929): «Crónicas de Galicia. En torno de las Sociedades Gallegas de América», *El Liberal*, 6 de decembro.
- BLANCO TORRES, Roberto (1930): «Unha nova Galicia», *A Fouce*, 24, 17 de decembro.
- BLANCO VALDÉS, Juan Luis (1998): *Hipertensión cívica: aproximación á vida e a obra de Roberto Blanco Torres*, Documentos, núm. 140, Sada, Edición do Castro.
- CABIDO, Purificación (2000): «Presencia da muller na prensa galega de Cuba», en Concepción Fontenla / Manuel Silve (eds.), *Galicia-Cuba: un patrimonio cultural de referencias y confluencias*, Sada, Edición do Castro, 277-291.
- CABO VILLAVERDE, Miguel (1998): *O agrarismo*, Vigo, A Nosa Terra.
- CAMPOS VILLAR, Xabier (2000): *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, Santiago de Compostela, CIRP / Xunta de Galicia.
- COSTA ALCALDE, María Xosé (1997): «Mulleres galegas na prensa galega de América (1873-1914): o caso de Mercedes Vieito Bouza», *Estudios Migratorios*, 3, 257-282.
- DOBARRO, Xosé María (2001): «O nacemento dun poeta en terras cubanas: Ramón Cabanillas», en VV. AA., *Xornadas sobre Ramón Cabanillas: actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Cambados, os días 7 e 8 de xuño de 2001*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 161-208.
- DOMINGO CUADRIELLO, Jorge (1999): «Presencia de Antón Villar Ponte en Cuba», *Grial*, 141, 91-110.
- DOMÍNGUEZ ALBERTE, Xoán Carlos (1999): *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1992): *Labregos con ciencia: Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*, Vigo, Xerais.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (2015): *Ramón Cabanillas, Cambados e o mar da Arousa*, Vigo, Xerais.
- FERREIRO FERNÁNDEZ, Manuel (2007): *O Himno Galego: documentos históricos (1890-1907)*, Santiago de Compostela, Universidade da Coruña / Universidade de Santiago de Compostela / Universidade de Vigo / Real Academia Galega.
- FONTENLA, Concepción / Manuel SILVE (eds.) (2000): *Galicia-Cuba: un patrimonio cultural de referencias y confluencias*, Sada, Edición do Castro.

- FREIJOMIL, Domingo J. (1916): «No es así. El Sr. Villar Ponte, el Dr. Horta y Emancipación Gallega», *Galicia*, 25, 17 de xuño.
- FREIJOMIL, Domingo J. (1917): «Os amigos da Fala», *Galicia*, 13, 24 de marzo.
- GARCÍA HERMIDA, Antonio (1918): «Regionalismo gallego», *Eco de Galicia*, 34, 24 de febreiro.
- HORTA, Constantino (1910): «Las aspiraciones de los autonomistas gallegos», *Galicia*, 30, 25 de xullo.
- HORTA, Constantino (1911): «Galicia autonómica», *Galicia*, 10, 7 de marzo.
- HORTA, Constantino (1917): «Por la Patria Gallega. A los gallegos de Cuba», *Eco de Galicia*, 3, 20 de xuño.
- ÍNSUA LÓPEZ, Emilio Xosé (2002): «Introdución», en Antón Villar Ponte, *A patria do labrego / Almas mortas*, Biblioteca 120, A Coruña, La Voz de Galicia.
- ÍNSUA LÓPEZ, Emilio Xosé (2006): *Antón Villar Ponte e a Academia Galega: contributos para a historia crítica dunha institución centenaria*, Vilaboa, Edicións do Cumio.
- ÍNSUA LÓPEZ, Emilio Xosé (2016): *A nosa terra é nosa!: a xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*, A Coruña, Baía.
- ÍNSUA LÓPEZ, Emilio Xosé / Carlos NUEVO CAL (2003): *O primeiro Antón Villar Ponte*, Lugo, Fundación Caixa Galicia / El Progreso.
- ÍNSUA LÓPEZ, Emilio Xosé / Xurxo MARTÍNEZ GONZÁLEZ (2018): *Común temos a patria: biografía dos irmáns Villar Ponte*, Vigo, Xerais.
- LESTA MEIS, Xosé (1917): «Crónicas cubanas. La situación del país», *El Ideal Gallego*, 43, 14 de maio.
- LESTA MEIS, Xosé (1918): «Crónicas cubanas», *El Ideal Gallego*, 316, 20 de febreiro.
- LESTA MEIS, Xosé (1922): «De mi tierra. Una gramática gallega», *Eco de Galicia*, 175, 17 de setembro.
- LESTA MEIS, Xosé (1923a): «De mi tierra. El apoliticismo de los nacionalistas gallegos», *Eco de Galicia*, 190, 6 de maio.
- LESTA MEIS, Xosé (1923b): «De mi tierra. Las conferencias en la Irmandade de la Coruña», *Heraldo de Galicia*, 9, 13 de maio.
- LESTA MEIS, Xosé (1925): «Aquí pra entre nós. ¿Qué cultura é a desa Comisión?», *El Pueblo Gallego*, 7 de novembro.
- LESTA MEIS, Xosé (1926): «¡A ver si é agora!», *Céltiga*, 46, 25 de novembro.
- LESTA MEIS, Xosé (1930): «De mi tierra. Antón Villar Ponte», *Heraldo de Galicia*, 36, 25 de setembro.
- LOJO ABEIJÓN, María (ed.) (2004): *Eco de Galicia: A Habana 1917-1936 (anos 1917-1918)*, Santiago de Compostela, CIRP / Xunta de Galicia.
- LÓPEZ VARELA, Elisardo (1998): «Manuel Murguía, Curros e a Academia Galega», en VV. AA., *Volver a Murguía*, A Nosa Cultura, extra núm. 19, Vigo, A Nosa Terra, 61-69.
- LUCA DE TENA, Gustavo (1993): *Noticias de América: o relato da grande emigración americana na prensa de Galicia e ultramar*, Vigo, Nigra.
- LUSTRES RIVAS, Manuel (1922): «El tópic regionalista», *Eco de Galicia*, 168, 21 de maio.
- MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (2007): *O nacionalismo cívico: interpretación do contributo da Irmandade da Fala da Coruña*, Ames, Laiovento.
- MAGARIÑOS SUEIRO, Alfonso (2000): *A obra educativa e cultural dos emigrados: prensa da emigración e sociedades de instrución en Galicia: 1900-1936*, Sada, Edicións do Castro.
- MÁIZ SUÁREZ, Ramón (1984): *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Sada, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos.

- MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel (2006): *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagóxico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*, Sada, Edición do Castro.
- MARCO, Aurora (2007): *Dicionario galego de mulleres: das orixes a 1975*, Vigo, A Nosa Terra.
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo (2007): *Fuco Gómez, persoeiro esquecido*, Vigo, Asociación Galega de Emigrantes Retornados.
- NARANJO OROVIO, Consuelo (1990): «El proceso inmigratorio gallego en Cuba en el siglo XX», en Jesús de Juana López / Xavier Castro Pérez (dirs.), *V Xornadas de Historia de Galicia. Galicia y América: el papel de la emigración*, Ourense, Deputación Provincial, 231-252.
- NEIRA VILAS, Xosé (1985): *A prensa galega de Cuba*, Documentos, núm. 14, Sada, Edición do Castro.
- NEIRA VILAS, Xosé (1989): «A súa estancia en Cuba», en VV. AA., *Ramón Cabanillas: camiño adiante*, A Nosa Cultura, extra núm. 10, Vigo, A Nosa Terra, 24-25.
- NEIRA VILAS, Xosé (1995): *A lingua galega en Cuba*, Lingüística, núm. 4, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- NEIRA VILAS, Xosé (1998): *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba*, Documentos, núm. 138, Sada, Edición do Castro.
- NEIRA VILAS, Xosé (2000): *Manuel Murguía e os galegos da Habana*, Documentos, núm. 155, Sada, Edición do Castro.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1992a): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada, Edición do Castro.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1992b): «Inmigración e galeguismo en Cuba (1879-1939)», *Grial*, 115, 350-385.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1998): *Emigrantes, caciques e indios: o influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, Xerais.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2016): *O soño da Galiza ideal: estudos sobre exiliados e emigrantes galegos*, Vigo, Galaxia.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente (1991): *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar: la impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*, tomos 1 e 2, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- PÉREZ LEIRA, Lois (1999): *Protagonistas dunha epopea colectiva*, Vigo, Galicia en el Mundo.
- PIQUER, Constantino (1918): «Del vivir gallego», *Eco de Galicia*, 27, 5 de xaneiro.
- REI, Luís (2009): *Ramón Cabanillas: crónica de destellos e saudades*, Vigo, Galaxia.
- RIBALTA, Aurelio (1923): «¡El odio a Castilla, no!», *Heraldo de Galicia*, 18, 30 de setembro.
- SEIXO PASTOR, Marcos / Belén PAZOS TOURIÑO / Pilar PENA BÚA (2002): *Roberto Blanco Torres: vida, obra e pensamento*, A Estrada, Fouce.
- SIL (= VILLAR PONTE, Antón) (1933a): «Rutas gallegas. Mirando a nuestros centros de América», *La Voz de Galicia*, 30 de agosto.
- SIL (1933b): «Rutas gallegas. ¿Será posible tan grande injusticia?», *La Voz de Galicia*, 29 de setembro.
- SIXIREI PAREDES, Carlos (1995): *Galeguidade e cultura no exterior*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- SOLÁ, Jaime (1920): «Afirmaciones de Españolismo», *Eco de Galicia*, 118, 2 de maio.
- VIDAL RODRÍGUEZ, José Antonio (2000): «A muller galega en Cuba: da exclusión á tutelaxe, 1898-1968», *Estudios Migratorios*, 13-14, 191-245.
- VIDAL RODRÍGUEZ, José Antonio (2008): *A Galicia antillana: formación e destrución da identidade galega en Cuba, 1899-1968*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- VIEITO BOUZA, Mercedes (1914a): «De la interminable serie», *Galicia*, 42, 17 de outubro.



- VIEITO BOUZA, Mercedes (1914b): «Por nuestra redención», *Galicia*, 46, 14 de novembro.
- VIEITO BOUZA, Mercedes (1915): «A través de la semana», *Galicia*, 25, 19 de xuño.
- VIEITO BOUZA, Mercedes (1916a): «El fuego sagrado», *Galicia*, 24, 10 de xuño.
- VIEITO BOUZA, Mercedes (1916b): «Labor vencedora», *Galicia*, 25, 17 de xuño.
- VIEITO BOUZA, Mercedes (1917): «Los hermanos da fala», *Eco de Galicia*, 13, 1 de outubro.
- VIEITO BOUZA, Mercedes (1918a): «El próximo resurgir», *Eco de Galicia*, 43, 28 de abril.
- VIEITO BOUZA, Mercedes (1918b): «Labor Regionalista», *Eco de Galicia*, 76, 22 de decembro.
- VILAVEDRA, Dolores (coord.) (1997): *Diccionario da literatura galega*, tomo II: *Publicacións periódicas*, Vigo, Galaxia.
- VILLAR PONTE, Antón (1921a): «Asamblea nacionalista», *La Correspondencia*, ca. marzo. Retallo no Arquivo da Real Academia Galega, Fondo Villar Ponte.
- VILLAR PONTE, Antón (1922b): «Marxinalia. Para EL SOL de Madrid», *La Zarpa*, 377, 15 de outubro.
- VILLAR PONTE, Antón (1923a): «Os agricultores hespañoles contra dos galegos», *Eco de Galicia*, 14, 29 de xullo.
- VILLAR PONTE, Antón (1923b): «Un exempro luminoso», *Eco de Galicia*, 17, 9 de setembro.
- VILLAR PONTE, Antón (1925): «De Galicia. El regionalismo de los emigrados», *El Sol*, 2361, 6 de marzo.
- VILLAR PONTE, Antón (1927a): «Galerías. Al margen de una gacetilla», *El Pueblo Gallego*, 966, 10 de marzo.
- VILLAR PONTE, Antón (1927b): «De Galicia. A lo que se exponen las aldeanas que emigran», *El Sol*, 3135, 21 de agosto.
- VILLAR PONTE, Antón (1928a): «El problema de la emigración. La obra de los indianos. Como podría completarse», *El Pueblo Gallego*, 1219, 1 de xaneiro.
- VILLAR PONTE, Antón (1928b): «Intereses gallegos. Sumando heterogéneos», *El Despertar Gallego*, 8 de xullo.
- VILLAR PONTE, Antón (1929): «Galerías. La orientación de los filántropos», *El Pueblo Gallego*, 12 de febreiro.
- VILLAR PONTE, Antón (1930): «Pretextos cotidianos. Una sociedad desorientada», *El Pueblo Gallego*, 1856, 11 de marzo.
- VILLAR PONTE, Antón (1934): «Pretextos cotidianos. Homenajes sin propósito de enmienda», *El Pueblo Gallego*, 3241, 22 de agosto.
- ZUBILLAGA BARRERA, Carlos (1996): *A prensa galega de inmigración en Uruguai*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.